



CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS

Amigos da Terra
Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020
e-mail: info@amigosdaterra.net

CAMPAMENTOS DE VERÁN DE AMIGOS DA TERRA

Todas as actividades que se desenvolven nos Campamentos de As Corcerizas adáptanse aos diferentes grupos de idades e son escollidas e organizadas para adquirir, ademais de novos coñecementos, actitudes e capacidades como psicomotricidade, cooperación, respecto mutuo, tolerancia, liberdade persoal, coordinación, socialización, imaxinación, axilidade física e mental; enfocadas sempre baixo unha perspectiva educativa á vez que lúdica, fomentando a creatividade e o respecto á natureza e a convivencia.

OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos e metodoloxía de **Amigos da Terra** teñen como referencia á **Estratexia Galega de Educación Ambiental**, e axústanse estrictamente ás recomendacións da **Carta de Calidade dos Equipamentos de Educación Ambiental**.

Ao longo do Campamento, desenvolveranse as actividades de achegamento á natureza cun dobre carácter: de serio compromiso ético e cunha **metodoloxía lúdica e motivadora**; proporcionando unha educación e información de calidade, veraz e adecuada ao grupo.

Os obxectivos, presentes no desenvolvemento de todas as actividades, son:

- Descubrir, coñecer e comprender as interaccións entre humanidade e medio, baseadas nos **principios de sostibilidade**.
- Chegar a tomar conciencia da importancia do medio ambiente na vida cotiá e valorar a transcendencia da mellora do entorno polas xeracións futuras, para mellorar a **calidade de vida**.
- Educar en desenvolver valores que permitan un cambio de actitude cara unha sociedade máis comprometida coa **solidariedade**.
- Fomentar a práctica de deportes de aventura que lles facilite un **equilibrio interpersonal** no traballo en equipo.
- Fomentar a **afección polo exercicio**, o contacto coa **vida sa** e o **respecto pola natureza**.
- Posibilitar as **relacións interpersoais**, creando un ambiente amigable, distendido e de camaradaría.
- Fomentar e desenvolver **habilidades sociais** e o **traballo en equipo**.



CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS

Amigos da Terra

Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense
Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020
e-mail: info@amigosdaterra.net

ACTIVIDADES PREVISTAS

A formulación das actividades é integradora e multidisciplinar, desenvolvéndoas nos seguintes bloques temáticos:

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

Cadernos de campo, itinerarios de identificación de elementos naturais, xogos na natureza, educación ambiental, reutilización de materiais, fornos solares, enerxías alternativas, bioconstrución, etc.

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN E CONVIVENCIA

Asembleas, bivaque, descubertas, traballo en equipo, xogos de resolución de conflitos, dinámicas de expresión (teatro, disfraces, cine ao aire libre, etc.), xogos tradicionais e populares de Galicia, etc.

ACTIVIDADES CULTURAIS

Nelas darás a coñecer a importancia histórica e cultural da zona por medio de saídas etnográficas e roteiros interpretativos (usos da terra, traballos artesanais, muíños de auga, fornos comunais, ferreiría, etc.), coñecendo tradicións, lendas, costumes e recursos naturais.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Natación, sendeirismo, windsurf, vela, kaiak, pimpón, voleibol, fútbol, dardos, xincanas de orientación pola montaña, etc.

EXCURSIÓNS

Saídas para visitar un pobo tradicional de montaña galega: Rebordechao

Saída ao Clube Náutico de Castrelo de Miño

EQUIPO TÉCNICO

Amigos da Terra conta cunha equipa con ampla **experiencia e cualificación**. A súa longa traxectoria en temas de educación, formación, animación e divulgación, aportan a confianza necesaria que garante un **campamento de alta calidade**; onde os/as participantes van a adquirir coñecementos e actitudes de xeito informal, que os capacitarán para vivir con coherencia e respecto nunha sociedade de futuro.

Dacordo co Decreto 50/2000, as nosas actividades desenvolveranse cun ratio de **1 monitor/a por cada 10 participantes**, un director/a e, un/unha socorrista titulado/a cando a actividade o requira.

	 <p>Amigos da Terra</p>	<p>CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS</p>	
--	---	---	--

Amigos da Terra

Rúa da Concordia 20,2º esquerda 32003 Ourense

Tel: 34 988 374318 Fax: 34 988 511020

e-mail: info@amigosdaterra.net

Cumprindo coas esixencias legais o equipo educativo está constituído por persoal titulado, acreditando formación en materia de medio ambiente, educación e ocio e tempo libre; contando cunha ampla experiencia en campamentos, campos de traballo, actividades extraescolares, educación ambiental, etc.

ALIMENTACIÓN

Seguindo a política de sostibilidade que caracteriza ao Centro, as comidas serán preparadas, na medida do posible, con alimentos procedentes da **agricultura ecolóxica local e comercio xusto**. Deste xeito, a parte de servir coma exemplo e demostración de viabilidade, favorecerase o desenvolvemento das pequenas explotacións da zona. Será por tanto, tal e coma temos comprobado en anteriores campamentos, a mellor ferramenta para sensibilizar e concienciar da necesidade de cambiar os nosos hábitos alimenticios para o ben da nosa saúde, o medio ambiente e a prosperidade do rural galego.